



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Balado Barciela, Adrián
Calviño Rodríguez, Xulio
Caparrini Marín, Natalia
Cebro Rodríguez, Xoan
Cuiñas Gómez, Iñigo
Currás Valle, Consuelo
De Blas Varela, María Esther
De Lorenzo Rodríguez, Edita
Diez Ferrer, José Bienvenido
Estévez Orge, Marcos
Fálagan Mota, Jorge
Ferreiro Vázquez, Óscar
Ferro Soto, Antonio Carlos
García Cutrín, Francisco Javier
García González, Silvia
Gómez Rodríguez, Alma M^a
González López, Raquel
Lavilla Beltrán, M. Isela
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Moldes Pita, Óscar
Mollinedo Lois, Carlos
Pardo Froján, Juan E.
Paz Penín, Concepción
Pazos Arias, José Juan
Pedrosa Silva, Ernesto
Pérez Vázquez, María Consuelo
Picos Martín, Juan.
Porteiro Fresco, Jacobo
Ramos Cabrer, Manuel
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rico Fuentes, Juan Jesús
Rivo López, Elena
Rubio Armesto, María Belén
Ruiz Hidalgo, Carmen
Simal Gándara, Jesús
Siota Álvarez, Mónica
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel
Valderrama Santomé, Mónica
DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:
Cambón Periscal, Ana
Cruz Freire, José Manuel
Cuevas Alonso, Miguel
Torres Outón, Sara M^a

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 4 de xullo de 2018, convocada para ás 10:15 horas en primeira convocatoria e ás 10:45 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O mércores día **4 de xullo de 2018** ás 10:15 horas deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Informe do reitor.
2. Informe previsto no artigo 75 dos Estatutos da Universidade de Vigo sobre o nomeamento da persoa que ocupe a Xerencia.
3. Aprobación, modificación e supresión, se procede, de cargos académicos.
4. Aprobación, se procede, da inclusión na Convocatoria de axudas predoutorais UVigo 2017 da posibilidade de suplencia por renuncia.
5. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo no financiamento de recursos de información científica en liña – Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para proporcionar ao persoal investigador do SUG acceso a recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Agricul Tural University de Tirana – Protocolo de intencións que celebran entre si o Instituto Federal de Educaçao, Ciencia e Tecnologia Farroupilha e a Universidade de Vigo, co obxectivo de establecer a cooperación técnica, científica e educativa – Adenda IV de modificación para o ano 2018 do anexo I. Investigadores adscritos do consorcio Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI).—

Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Nacional Jorge Basadre Grohmann (Perú) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad del Bío-Bío (Chile) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad del Bío-Bío para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Fortaleza (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Fortaleza para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Católica do Salvador – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Católica do Salvador para o intercambio de estudantes – Convenio de colaboración entre as universidades de Santiago de Compostela, de Vigo, da Coruña e TASTELAB, S.L. para la realización de prácticas de alumnos/as del Máster Universitario en Técnicas Estadísticas – Convenio de colaboración entre a universidade de Santiago de Compostela, da Coruña, de Vigo, a Carlos III de Madrid, Politécnica de Madrid e EMBENTION

SISTEMAS INTELIXENTES,S.L. para a realización de prácticas académicas externas vinculadas ao traballo fin de máster ou extracurriculares de alumnos do Máster en Matemática Industrial – Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, ECOEMBALAJES España, S.A. e as universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo, para o desenvolvemento da estratexia de economía circular de Galicia 2018-2030.

6. Rogos e preguntas.

Preside a sesión o reitor, D. Manuel J. Reigosa Roger, e actúa como secretario o secretario xeral, D. Miguel Ángel Michinel Álvarez.

1. Informe do reitor.

O reitor dá a benvinda aos membros e fai fincapé na importancia deste órgano. O reitor pretende que os debates sexan o máis vivos posible, pero sen deterse en puntos meramente de trámite.

O Sr. reitor indica que non hai moito de que informar, pero comenta varios aspectos. Entre eles, o feito de que a súa axenda é pública. Fai fincapé en diversas visitas institucionais: cos alcaldes de Vigo, Pontevedra e Ourense, presidenta da Zona Franca e as deputacións. Aparte houbo unha xuntanza de traballo co Conselleiro, onde se formularon cuestións de persoal, en particular a suba da masa salarial e a posibilidade de lanzar dúas ofertas de emprego público, así como as pagas extra; asemade, se trataron as necesidades de persoal investigador, opción de captacións de talento sénior, técnicos de apoio (investigación, calidade, desenvolvemento estrutural). Finalmente, peticións estruturais (enxeñaría biomédica).

Engade que o día 12 reuniuse cos representantes de enxeñaría espacial sobre instalacións, equipamentos e persoal docente. Pediron que se retrasase a compra de equipamentos para esta titulación. Agradece o traballo dos xefes de servizo (especialmente de Suso Bello). En relación co persoal, tentarase de solucionar os problemas e que non se repitan os do curso pasado. En relación cos espazos, de momento utilizarán os do Campus Auga, á espera de que poda dispor do seu propio espazo.

En relación coa páxina web, se actuou para arranxar o problema da matrícula e se espera darlle unha volta para melloralala en breve.

A Fundación CER seguirá a estar presidida polo Reitor. Celebrouse o primeiro foro transfronteirizo do Río Miño ao que asistiu o reitor, o que poderá desembocar nun acordo entre Universidades. Non se renovará a cátedra Santander. Hai 8 POP Tech nos que está involucrado a Universidade de Vigo.

En canto as Smart Cities, os concellos de Coruña e Vigo estanse a presentar á convocatoria actual. Hai dez días, o Concello de Vigo dirixiuse a nós e haberá edificios da Universidade que formarán parte desta solicitude, o que resultará moi positivo de cara á planificación do futuro.

Houbo xuntanzas co Vicepresidente da Xunta en relación co Edificio Benito Corbal (Pontevedra) no que disporemos de catro plantas no centro da cidade.

Tamén se fixo a inauguración do Edificio Fontán (Santiago) que pechará a cidade da cultura do Gaiás. O edificio aproveitará a estrutura xa construída, e incorporará no 2020 un centro de investigación sobre a paisaxe (especialmente dedicado ao Xacobeo), a CIXUG (que suma a CISUG –consorcio de software-, Bugalicia –bibliotecas- e a CIUGA) e a ACSUG.

Houbo unha xuntanza con Miguel-Ángel Escotet e informou de que está prevista a creación dunha universidade privada dirixida á empresa (Universidad Internacional de la Empresa).

Tamén celebrouse en Ourense o nomeamento como doutora honoris causa de Jacquelyn Campbell. O profesor Carlos Bravo foi investido pola Universidade Mario Curie de Polonia.

Finalmente o Sr. reitor informa de que están a funcionar os Campus Camp e das titulacións que comezarán a impartirse o vindeiro curso académico. Aclara que hai dous mestrados que, por un erro da ACSUG, non se puideron incluír no listado, pero estase a solucionar o problema.

2. Informe previsto no artigo 75 dos Estatutos da Universidade de Vigo sobre o nomeamento da persoa que ocupe a Xerencia.

O Sr. reitor presenta a D^a Raquel Souto García como futura xerente, cuxo nomeamento corresponde en realidade ao Consello Social, previa audiencia deste Consello de Goberno.

O Sr. reitor destaca a capacidade técnica e negociadora da candidata, que será quen leve a cabo as políticas marcadas polo equipo de goberno. O Sr. reitor resume brevemente o seu currículo. O silencio do Consello tómase como un asentimento tácito en favor da candidata.

3. Aprobación, modificación e supresión, se procede, de cargos académicos.

O Sr. reitor dá lectura aos ceses e nomeamentos, os cales previamente foron remitidos por vía electrónica aos membros do Consello.

D^a. Susana Reboreda solicita que se envíe aos centros o listado para poder localizar aos cargos aprobados.

Apróbanse por asentimento (**Anexo I**).

4. Aprobación, se procede, da inclusión na Convocatoria de axudas predoutorais UVigo 2017 da posibilidade de suplencia por renuncia.

O Sr. reitor sinala que a lista de agarda, por erro, quedou fóra da convocatoria, pero cede a palabra á Sra. vicerreitora de Investigación para expoñer este punto da orde do día. A Sra. vicerreitora sinala que, por unha omisión nas condicións de disfrute das persoas beneficiarias na convocatoria de axudas predoutorais, as persoas candidatas non poden suplir a quen teña obtido unha das axudas e renuncie a ela. Dado que non hai aínda comisión de investigación, se trouxo o punto ao Consello, para poder facer unha resolución reitoral que supla o erro.

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo no financiamento de recursos de información científica en liña – Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para proporcionar ao persoal investigador do SUG acceso a recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Agricul Tural University de Tirana – Protocolo de intencións que celebran entre si o Instituto Federal de Educaçao, Ciencia e Tecnologia Farroupilha e a Universidade de Vigo, co obxectivo de establecer a cooperación técnica, científica e educativa – Adenda IV de modificación para o ano 2018 do anexo I. Investigadores adscritos do consorcio Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI).— Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Nacional Jorge Basadre Grohmann (Perú) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad del Bío-Bío (Chile) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad del Bío-Bío para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Fortaleza (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Fortaleza para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Católica do Salvador – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade Católica do Salvador para o intercambio de estudantes – Convenio de colaboración entre as universidades de Santiago de Compostela, de Vigo, da Coruña e TASTELAB, S.L. para la realización de prácticas de alumnos/as del Máster Universitario en Técnicas Estadísticas – Convenio de colaboración entre a universidade de Santiago de Compostela, da Coruña, de Vigo, a Carlos III de Madrid, Politécnica de Madrid e EMBENTION SISTEMAS INTELIXENTES,S.L. para a realización de prácticas

académicas externas vinculadas ao traballo fin de máster ou extracurriculares de alumnos do Máster en Matemática Industrial – Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, ECOEMBALAJES España, S.A. e as universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo, para o desenvolvemento da estratexia de economía circular de Galicia 2018-2030.

Apróbanse por asentimento o listado de convenios.

6. Rogos e preguntas.

O reitor informa de que o Consello de Goberno próximo será o día 20 e que haberá un Claustro deliberativo o día 18.

D. Jesús Rico, representante do alumnado de Minas, intervén para solicitar información sobre o transporte ao CUVI. O Sr. reitor informa da reunión co alcalde sobre o novo concurso, co que se tentará que se tarde un máximo de 20 minutos dende o centro de Vigo.

D. Óscar Moldes, representante de estudantes de Telecomunicacións sinala que na normativa de TFG/TFM para certas titulacións debe presentarse ante tribunal. O Sr. reitor aclara que é posible presentalo ante un tribunal unipersoal. O Sr. alumno fai referencia á problemática do alumnado que estudia e traballa, particularmente sobre a oferta semipresencial, e que farán chegar propostas, e pregunta pola entrada en vigor dos Estatutos. O Sr. reitor aclara que chegaron xa as modificacións dos Estatutos e que se tramitarán con urxencia, e remite as propostas á Sra. vicerreitora de alumnado.

D. Adrián Balado, representante do alumnado, intervén para sinalar os problemas de ocupación das bibliotecas, e solicita que os bibliotecarios suban á web a dispoñibilidade de postos. O Sr. reitor anuncia que se estudiará.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:06 horas do día 4 de xullo de 2018 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do reitor.

O Reitor

O Secretario Xeral

Manuel J. Reigosa Roger

Miguel Ángel Michinel Álvarez



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Balado Barciela, Adrián
Calviño Rodríguez, Xulio
Caparrini Marín, Natalia
Cebro Rodríguez, Xoan
Cuiñas Gómez, Iñigo
Currás Valle, Consuelo
De Blas Varela, María Esther
De Lorenzo Rodríguez, Edita
Diez Ferrer, José Bienvenido
Estévez Orge, Marcos
Fálagan Mota, Jorge
Ferreiro Vázquez, Óscar
Ferro Soto, Antonio Carlos
García Cutrín, Francisco Javier
García González, Silvia
Gómez Rodríguez, Alma Mª
González López, Raquel
Lavilla Beltrán, M. Isela
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Moldes Pita, Óscar
Mollinedo Lois, Carlos
Pardo Froján, Juan E.
Paz Penín, Concepción
Pazos Arias, José Juan
Pedrosa Silva, Ernesto
Pérez Vázquez, María Consuelo
Picos Martín, Juan.
Porteiro Fresco, Jacobo
Ramos Cabrer, Manuel
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rico Fuentes, Juan Jesús
Rivo López, Elena
Rubio Armesto, María Belén
Ruiz Hidalgo, Carmen
Simal Gándara, Jesús
Siota Álvarez, Mónica
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel
Valderrama Santomé, Mónica
DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:
Cambón Periscal, Ana
Cruz Freire, José Manuel
Cuevas Alonso, Miguel
Torres Outón, Sara Mª

Acta da sesión extraordinaria constituínte do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 4 de xullo de 2018, convocada para ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O mércores día **4 de xullo de 2018**, ás 10:00 horas, deu comezo a sesión extraordinaria constituínte do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Constitución do Consello de Goberno.
2. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria constituínte do día 4 de xullo de 2018.

Preside a sesión o reitor, D. Manuel J. Reigosa Roger e actúa como secretario o secretario xeral D. Miguel Ángel Michinel Álvarez.

Punto 1. Constitución do Consello de Goberno.

O reitor procede á lectura dos membros de Consello de Goberno, de acordo coa relación que figura no **anexo I**.

Deste xeito dáse por constituído o Consello de Goberno e o reitor procede a dar a benvida a todos os membros do mesmo.

Punto 2. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria constituínte do día 4 de xullo de 2018.

Apróbase por asentimento.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:10 horas do día 4 de xullo de 2018 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do reitor.

O Reitor

O Secretario Xeral

Manuel J. Reigosa Roger

Miguel Ángel Michinel Álvarez